

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CALIFICACIÓN
DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA**

**MATERIA: INICIACIÓN ACTIVIDADE ECONÓMICA E EMPRESARIAL
CURSO: 4º ESO**

EN CADA AVALIACIÓN	Probas escritas	<p>A media destas suporá o 80%. Faranse varias probas escritas o longo do trimestre. Se nunha proba escrita se acadan unha calificación inferior a 3,5 non fará media, o alumno ou alumna terá que repetir esta proba na recuperación final da avaliación que se realizará despois da avaliación (salvo na terceira avaliación que coincidirá coa recuperación final da materia).</p>
	Traballos/ Proxectos	<p>Suporá o 10% Traballos/proxectos: Individuais ou en grupo sobre os contidos da materia. No caso de non presentar os traballos a avaliación será suspensa.</p>
	Observación na aula	<p>Suporá o 10% No caderno do profesor realizaranse anotacións periódicas sobre cada alumno ou alumna tendo en conta o traballo diario na aula e o aproveitamento do tempo, a atención, a asistencia, o interese, esforzo, respecto polo seu traballo e polo dos demais compañeiros e compañeiras, e puntualidade na entrega de traballos e caderno da materia.</p>

O alumnado superará positivamente cada avaliación se acadan como resultado de realizar a media aritmética das probas escritas, os traballos entregados e a observación de cada avaliación unha puntuación igual ou superior a 5.

Para poder facer dita media a nota mínima que o alumnado deberá ter nas probas escritas será un 3,5 e ter entregados os traballos pedidos polo profesor/a.

Ás probas escritas haberá que engadirlle as calificacións dos proxectos e ou traballos, e a observación directa do traballo e actitude na aula.

Non se aplicará redondeo na calificación final de cada avaliación, pero si para a avaliación final, tendo en conta neste caso a nota media de cada unha das avaliacións. O redondeo aplicarase a partir do decimal 5 cara arriba ou cara abaixo dependendo do traballo, actitude, interese e implicación de cada alumno e alumna durante o desenvolvemento da materia.